



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 16-2012

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os asambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 10.000 M EN PISTA AIRE LIBRE E DAS CATEGORÍAS JUNIOR E PROMESA

Sábado 17 de marzo de 2012

Pistas de atletismo do Concello de Noia

Art.1) O día 17 de marzo celebrarase o Campionato Galego absoluto de 10.000 m e das categorías junior e promesa na pista de atletismo do Concello de Noia. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago, coa colaboración do Concello de Noia.

Art.2) Poderán intervir todos os atletas das categorías junior, promesa e senior ou veteranos que cumpran os requisitos do artigo 6 e algunha das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiúms nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema on-line (www.atletismogalego.org) como data límite o **martes día 13 de marzo**, ás 23:00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas da clasificación absoluta e das categorías junior e promesa recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Poderán participar tódolos-as atletas clasificados entre os 15 primeiros no campionato galego absoluto de campo a través (2012) e os 8 primeiros-as das categorías junior e promesa. Tamén poderán tomar parte os 8 primeiros-as do ranking absoluto (2010-11) nas distancias de 5000m, 10000m, 10 km ruta ou ½ maratón.

No caso de non haber suficientes atletas inscritos que cumpran os requisitos de participación aceptaranse ata 20 atletas dos inscritos, tendo en conta a clasificación no último campeonato galego de campo a través e a marca acreditada na distancia.

Art. 7). Horario da competición

12:00 horas	10.000 Mulleres
13:00 horas	10.000 Homes



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.8). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante próxima á zona do peito. O incumprimento desta norma será motivo da descalificación.

Art.9). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 5 de marzo de 2012